

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Casa de España en Río de Janeiro, co fin de contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas da cidadanía galega alí residente e para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento social en Río de Janeiro, Brasil

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e fornecer os vínculos coa nosa cultura dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e fornecer os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións réunese un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Casa de España en Río de Janeiro un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para a atención das necesidades socio-asistenciais básicas da cidadanía galega residente en Río de Janeiro que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teña problemas de autonomía persoal, así como manter unha oficina de información e asesoramento social e colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio-asistencial.

A Casa de España de Río de Janeiro é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como centro colaborador no Rexistro da Galegitude da Secretaría Xeral da Emigración, que

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



ten como finalidade servir de vínculo entre os membros da comunidade española co obxectivo de manter o recordo das tradicións, o folclore e a cultura, dun xeito especial a galega ao contar con preto de cincocentas persoas socias, das que máis do 50% son de orixe galega, polo que está considerada como unha entidade de especial referencia pola poboación galega residente en Río de Janeiro e na súa contorna.

Esta entidade está a desenvolver un importante labor socio-asistencial orientado á mellora da calidade de vida das persoas maiores a través do mantemento dun centro social (centro de día) no que se desenvolven actividades de rehabilitación e estimulación mental e física atendidas por persoal especializado, do que veñen beneficiándose anualmente arredor de 200 persoas de orixe galega de idade comprendida entre os 65 e os 95 anos.

Por outra banda, esta entidade conta con infraestrutura suficiente para exercer un labor de difusión, información e asesoramento á comunidade galega que alí reside, un colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e actividades levados a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a esta poboación para que coñeza o contido das accións das que pode beneficiarse, especialmente daquelas de carácter socio-asistencial, xa que o actual contexto económico que se vive no país fai que moitas destas persoas se atopen en situación de carencia e, por descoñecemento, non solicitan participar nos ditos programas. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrência pública.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 50.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com

